



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo. Fotografías: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

CATRO NARRACIÓNS RECUPERADAS

O dous de xullo de 1991, Revista das Letras abría os seus monográficos de verán con 21 relatos realizados para o suplemento por algúns dos escritores que entón formaban unha mostra da aposta narrativa do país, desde Manuel Guede a Suso de Toro, Ramiro Fonte, Alfonso Álvarez Cáccamo, Quico Cadaval, Lois Diéguez, Xavier Queipo ou Carlos Quiroga. Boa parte deles seguiron unidos ó suplemento a través do tempo e hoxe recuperamos algúns deles –nunca recollidos posteriormente en volume ningún– como mostra do seu interese e plena actualidade: Margarita Ledo, Manuel Outeiriño, Margarita Fernández e Darío Xohán Cabana.

O home da bici

Margarita Ledo

Unha mullerpolícia, en Portland, agarda pola beira esquerda e fita ao nenonegro en se achegando na súa parsimonia. Nenonegro ven aí, dá por veces un puntapé nos coiros para facer máis libre o seu paso rimado, olla o bambam das súas wambas brancas do trinque, camiña polo parque cos seus jeans e co nique azul que pon atrais e en grande a palabra NIKE e nen para na mullerpolícia, co cabelo querendo ir para roibo pero sen conseguir esa cor irlandesa e racial que nos leva prendados e que nós conseguimos reproducir aló na vaca do país, cabelo que mullerpolícia recolle como está mandado en cola de cabalo para non enterpecer o relustro dos anteollos que ordeia o regulamento federal.

A mullerpolícia vai cara o nenonegro. E cando está fronte do neno e a fronte do neno non alza máis aló das mamas da mullerpolícia, escóitase di-

da que gosta o xaguar.

E agora, agora nenonegro salouca.

E no salouco o alento trava unha e outra vez.

E nos ollos seus, romos e minerais tal coma os seus mofletes, abrolla un sinal de desespero, animal sen terra, animal triste, a marcalo no interior ao vivo mentres, no coche blindado da policía, deita a cabeza para atrais todo o que a cabeza de si dá para atrais.

E cando a cabeza retorna ás orixes os saloucos concéntranse nos tendóns laterais do pescozo e cada salouco é un golpe de látigo que lle fai agardar por muito tempo o non para sempre xamais e a oportunidade de brilar outra bici para dar unha volta polo barrio e para comprobar como o vento é fresquiño sobre os seus mofletes.

As túas mauñas, nenonegro, cando a cámara as

rdL | 3
Galicia Hoxe, 15/07/04



cir:

–Así que mangaches a bici...

En realidade a muller dirá:

–Roubaches unha bici. Pois hei de te te levar a prisión.

Nenonegro vai e retira o brazo seu que lúe co da mullerpolícia. Nenonegro atrae o brazo para si e trasládalo por sobre o estómago para acobillar a man sob o cóbado do lado contrario e facer cos dous brazos un nó.

Mais a mullerpolícia está xa nas costas e pon unha man enriba da caluga do neno e coa outra, adestrada tal e coma cómpre, desfai o nó nun trís e ponlle as esposas. O nenonegro vai e ponse a chorar.

Polas súas meixelas tensas e fermosas as bágoas esbaran con facilidade porque a pel lisa do nenonegro mírmase nos mofletes romos, carne doce

colle para amosar exemplarmente cómo a mullerpolícia abre as esposas indícanos, na túa testa inclinada agora para adiante, que iso che debe doer muito.

Xiras de presa os ollos. Ás agachadas séntaste como o muá dun bico. Luva negra. Luva de pelica negra. Luva altiva e aos morros. Luva lene e de pelica negro dos teus irmáns Black Panthers. E xa non deixarás que catro ghichos brancos, anglosaxóns e protestantes te baleen nunha estación de metro.

–Tamén nós tivemos unha box que se chamou Pantera.

.....
Este relato apareceu na páxina 18 do número 6 de Revista das Letras cunha ilustración do boxeador El Pantera. O relato ía dedicado a Nelly Schnaith.